



RESOLUCIÓN

ASUNTO: DECRETO NOMEAMENTO D^a FRANCISCO JAVIER LANDEIRA RIAL PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POR PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, DO POSTO DE ADMINISTRATIVO/A XEFE/A DO NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL E CONTRATACIÓN, INCLUÍDO NA OEP 2026

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000782

ANTECEDENTES:

EXPDTE: 2026/E001/000004

Antecedentes

Decreto nº 557/2026, do 9 de xuño de 2026, polo que se aproban as bases específicas que rexen a convocatoria para a provisión en propiedade, por promoción interna vertical, do posto de Administrativo/a Xefe/a do Negociado de Secretaría Xeral e Contratación, incluído na OEP 2026.

Anuncio publicado no BOP da Coruña nº 110, do 12 de xuño de 2026, relativo á aprobación das bases específicas da convocatoria.

Anuncio publicado no BOE nº 150, do 20 de xuño de 2026, baixo o título "Resolución de 15 de junio de 2026, del Ayuntamiento de Cee (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer puesto de trabajo por el sistema de concurso".

Informe do Rexistro Xeral de Documentos do Concello de Cee, do 13 de xullo de 2026, sobre as solicitudes presentadas no prazo comprendido entre o 21 de xuño e o 10 de xullo de 2026, ambos incluídos.

Decreto nº 717/2026, do 13 de xullo de 2026, de aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas, no que consta a admisión da única solicitude presentada e a inexistencia de persoas aspirantes excluídas.

Anuncio publicado no BOP da Coruña nº 134, do 17 de xullo de 2026, relativo á listaxe definitiva de persoas admitidas no proceso selectivo.

Acta nº 1 de data 20/07/17 de constitución da comisión de valoración, valoración de méritos e proposta definitiva de adxudicación.

Informe de fiscalización de data 22/07/2026 co asunto Provision interna vertical posto advo xefe de negociado

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Nomear a Francisco Javier Landeira Rial (DNI ***2530**), como funcionario de carreira no Concello de Cee, para ocupar a seguinte praza:

Grupo: C

Subgrupo: C1

Nivel C.D.: 22

Escala: Administración xeral

Subescala: Administrativa



Exp. 2026/G003/000782

Denominación: Administrativo Xefe do Negociado de Secretaría Xeral e contratación.
Código do Posto: 01.02.01

SEGUNDO.- Acordar, vista a proposta da comisión de valoración, o adiantamento da data de toma de posesión ao 24/07/2026 atendida a urxencia existente na cobertura inmediata do posto.

TERCEIRO.- Notificar á interesada coa indicación expresa de que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015.

CUARTO.-Dar traslado os Departamentos de Intervención, Tesourería e RRHH os efectos oportunos. Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]